



## ENTREGA DOS PREMIOS Á INNOVACIÓN EDUCATIVA ESCOLA VIVA

O **venres 23 de xaneiro** celebrouse en Santiago o acto de entrega da terceira edición dos premios á innovación educativa “Escuela Viva”, convocados por FETE-UGT Galicia e Escola Viva. **“Disfruta e baila ao son do xograr”** do IES Xograr Afonso Gómez de Sarria recibiu o primeiro premio, no transcurso do acto que se celebrou no Hotel Congreso de Teo.

Estes premios foron convocados por FETE-UGT Galicia e Escola Viva co obxectivo de recoñecer o labor daqueles docentes que levan a cabo experiencias didácticas innovadoras nos seus centros, co fin de mellorar a formación do seu alumnado. En total presentáronse 42 traballos de centros de toda Galicia e o xurado outorgou dous premios e catro accesits. O primeiro galardón, que recibiu unha cantía de 1.000 euros, foi para o proxecto **“Disfruta e baila ao son do xograr”**, presentado polos profesores M<sup>a</sup> Nazareth Ascariz Ferreira, Sonia Carmen Cantalapiedra Álvarez (coordinadora), José Antonio Corujo Rodríguez, Susana Cuevas Díaz, Ana Belén Durán Pernas, Evaristo Pardeiro López, Bernardo Sánchez Ouro do IES Xograr Afonso Gómez.

O segundo premio, de 500 euros, foi para o traballo **“Construíndo a aprendizaxe”** da profesora Mónica Corbacho Varela do CEIP Porto Cabeiro (Redondela).

Ademais, o xurado decidiu conceder os seguintes accésits, que teñen unha dotación económica de 150 euros cada un:

**1.-“Proxecto emocional 2014”**

CRA Bocaixón-Vedra

**2.-“III Encontro de centros para una convivencia positiva”**

IES Antonio Fraguas(Santiago)

IES Xulián Magariños(Negreira)

IES Fin do Camiño(Fisterra)

Participan: 16 centros máis.

**3.-“Un paseo pola arte”**

Profesoras:

Beatríz Escuredo León

Susana Rodríguez Moldes

**4.-“20.000 letras dun proxecto divertido”**

Profesoras:

María Salinas García

Marta María Rey Vila

O xurado, que estivo presente no acto de entrega dos premios, estaba formado por María M. Sanjuan Roca (profesora da facultade de CCE da USC), M<sup>a</sup> José Méndez Lois (profesora da facultade de CCE da USC), Pilar Soto Lamas (profesora da ensinanza concertada), José Viaño Rey (director do CPI de Vedra) e J. Raúl Gómez Farto (Secretario xeral de FETE-UGT/Galicia) e Antonio Rial Sánchez (profesor da facultade de CCE da USC).